

# Obradoiros do mar

Coa este proxecto buscamos levar aos centros educativos do Concello da Coruña **actividades para o coñecemento do medio mariño galego, a súa riqueza e importancia, mais tamén para ser partícipes da súa conservación**, comprendendo como o mar inflúe de xeito directo nas nosas vidas e as nosas vidas inflúen na saúde do mar. A participación no proxecto inclúe a realización de dous obradoiros complementarios:

## - 1 ACTIVIDADE NA AULA: *Mergullando dende a clase*

A través de dinámicas participativas e recursos audiovisuais filmados por nós percorremos o mundo submarino galego para coñecer a súa biodiversidade, as características dos seus habitantes e as relacións que manteñen co medio no que viven, poñendo especial atención na necesidade da súa conservación.

Duración: 1h 30 min.



Grupo: entre 40 e 50 alumno/as de 5º ou 6º de Primaria

- 1 ACTIVIDADE NA NATUREZA: *Ondas de plástico* Achegarémonos á praia para identificar os diferentes rastros que as mareas deixan nesta contorna natural e a súa orixe, o que nos permitirá reflexionar sobre as causas e consecuencias da intervención humana neste ecosistema e buscar hábitos de vida máis sustentables que melloren o estado das praias. Ademais, esta actividade incluírá a participación en proxectos de investigación e conservación do medio mariño a través do emprego de plataformas de ciencia cidadá.

Duración: 3h

Grupo: entre 40 e 50 alumno/as de 5º ou 6º de Primaria

[MÁS INFORMACIÓN](#)




# Planificación

Adaptámonos á dispoñibilidade do centro para axendar as datas das actividades. Preferentemente, realizarase primeiro o obradoiro **na clase, entre os meses de abril e maio**, e con posterioridade o obradoiro **na contorna natural, entre maio e xuño**. Sempre buscaremos a posibilidade de levar a cabo o obradoiro na contorna na praia máis próxima ao centro educativo para poder achegarnos a ela camiñando, sen necesidade de transporte extra.

Ademais das **dinámicas participativas** que se desenvolven en cada unha das actividades, dedicamos parte do obradoiro a **crear ferramentas útiles** para que o centro educativo poida replicar a actividade ou crear novas accións educativas dentro da conservación mariña a partir dos contidos e recursos abordados. Este aspecto complementábase co **seguimento** desta continuidade a través dunha xuntanza online co centro educativo no mes de xuño.

Unha vez finalizados os obradoiros nos diferentes centros, compartiremos o traballo e as accións realizadas en cada un deles para facer unha **posta en común dos resultados** a través dunha memoria final e ter unha visión global do coñecemento do medio mariño e as propostas de divulgación e conservación que foron levadas a cabo. Deste xeito non só podemos compartir o traballo desenvolvido, senón tamén buscar inspiración nas propostas doutros centros.



Dende o Concello da Coruña e 13 Grados, animámosvos a que participedes nestes obradoiros e invitámosvos a que contactedes con nós para consultar calquera dúbida ou para sumarvos ao proxecto.

Podedes contactarnos en:

## **13 Grados S Coop Galega**

13gradosvigo@gmail.com

666 45 72 85 (Silvia Iglesias)

**[www.13grados.com](http://www.13grados.com)**

Moitas grazas!!